

## O Samaín

O Samaín é unha festa de orixe celta que se vén celebrando en Galicia dende fai milleiros de anos.

A finais do mes de outubro, os antigos pobos celtas conmemoraban o final da cosecha, coñecida como Samaín, que significa “final do verán”. Crían que a noite do 31, os espíritos dos mortos volvían á vida para visitar o mundo dos vivos, polo que realizaban distintos rituais para protexerse.

Un dos ritos da noite de Samaín, consistía en baleirar cabazas e meter no seu interior carbón ardendo para alumear o regreso dos disfuntos e alonxar aos espíritos non desexados.

Na actualidade, seguimos alumeando e decorando cabazas na noite de Samaín, como facían os nosos ancestros.



## Samaín en Galán

O venres 29 de outubro celebramos o Samaín no colexio. Anímate a participar!

- **As cabazas volven á escola!**

Como xa é tradición en Galán, o venres 29 faremos unha exposición de cabazas no recibidor do colexio, e necesitamos a túa colaboración.

Escolle unha cabaza e decóraa como máis che guste. Podes facela terrorífica, graciosa, coqueta... Pero **non a baleires**, así durará máis tempo. Unha vez a teñas feita, ponlle o teu nome e clase.

**Podes traela entre o luns 25 e o xoves 28.** Entrégalla á túa titora ou titor.

- **Ven disfrazado ao cole.**

Acude disfrazado ao cole, **pero sen complementos**, seguro que o pasas moi ben. Se lle botas imaxinación, podes facer un disfraz terrorífico sen mercar nada. Pero ollo, non te pases, a ver se co medo escapamos todos os profes!

Ademais, haberá algunha que outra actividade sorpresa que de seguro non esqueceredes.



*E para que a espera non se faga moi longa, un pasatempo.*

*Atopa as sete diferenzas*



# SAMAÍN 2021



# CEIP DE GALÁN